



# AS DOENZAS RELACIONADAS COA BOCA, COA HERNIA INFANTIL E COA PEL NA PROVINCIA DE LUGO. ENSALMOS E RITUAIS ETNOMÉDICOS (III)

---

**José Manuel Blanco Prado**

Catedrático de Filosofía e doutor en Historia

---

Ao facer mención das diferentes terapias etnomédicas empregadas na provincia lucense é mester distinguir tres sistemas terapéuticos, tamén chamados por algúns autores “discursos terapéuticos”<sup>1</sup>.

O primeiro sistema está relacionado coa medicina científico-experimental de carácter obxectivo que está regulada por unha terapia química. Este arquetipo, axeitado aos diferentes centros ambulatorios e hospitalarios, baséase na racionalidade biolóxica.

Un segundo modelo de base empírico-natural amosa un carácter máis humano e sociable. Nel incluímos as mulleres, que amosan unha importante operatividade no uso de purgantes, vomitivos, aplicación de emplastos, ventosas etc.; os que practican a fitoterapia, é dicir, a *sandación* mediante herbas, e, tamén, os compostores de ósos.

Finalmente, un terceiro modelo constituído por un “corpus” heteroxéneo de prácticas ligadas á relixiosidade popular, que teñen como finalidade á profilaxe e curación de diferentes doenzas. Nesta

categoría cómpre incluír os curandeiros-*ensalmadores*, que levan a cabo a súa función mediante o uso de fórmulas verbais. Estas, que popularmente reciben o nome de ensalmos, son disertacións que unha persoa dirixe a unha entidade sagrada coa finalidade de obter a curación dunha doenza propia ou allea. Están provistas de elementos da menciña popular e de frases pertencentes a oracións do ritual cristián. O *ensalmador* sitúase como intermediario entre a divindade e a persoa que precisa a cura. Por outra banda, a todo ensalmo se lle outorga un poder inmanente e só poderá ser revelado a outras persoas en circunstancias moi especiais, segundo as normas baseadas na tradición. Polo tanto, no caso de que se infrinxa esta normativa o ensalmo perdería o seu poder terapéutico<sup>2</sup>.

Por outra banda, no ámbito da menciña popular hai investigadores, como Elisardo Becoña, que aluden a doenzas de médicos e non de médicos, segundo se coñeza ou non a causa da enfermidade. De todos os xeitos, o *sandador* tradicional tenta sandar ambos os dous tipos da doenza utilizando un dobre remedio<sup>3</sup>: físico, reflectido no poder inherente das augas, das plantas, da terra...; e non físico, e, polo tanto, descoñecido, paranatural, ou sobrenatural, plasmado en certas xaculatorias ou ensalmos, que son medios indispensables para que os diferentes

---

1 FIDALGO SANTAMARIÑA, Xosé Antón. “Nas terras da Cova da Serpe: Prácticas terapéuticas e consecución da saúde”, en *Medicina popular e Antropoloxía da saúde*. Actas do Simposio Internacional en homenaxe a D. Antonio Fraguas. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1997, páxs. 191-127.

---

2 MARTÍ I PÉREZ, Joseph. “El ensalmo terapéutico y su tipología”, en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. XLIV, Madrid, 1989, páx. 162.

3 BECOÑA IGLESIAS, Elisardo. *Medicina popular*. Vigo: Ir Indo, 1989, páx. 33.

elementos físicos acaden a curación. Ademais cómpre aludir ás diferentes promesas realizadas a diferentes advocacións da Virxe, dos Santos e de Xesús coa finalidade de acadar a *sandación*.

Imos ver, neste terceiro artigo dedicado as doenzas de índole popular, aquelas relacionadas coa hernia infantil, coas moas e coa pel.

### I. As hernias infantís

A hernia é un tumor formado por un órgano ou parte del, que sae do seu receptáculo por unha cavidade natural ou accidental<sup>4</sup>.

En San Martiño (Cabreiros-Xermade), para curar a hernia, dicíase o seguinte ensalmo:

**Toma María,  
aquí che traio (a fulano de tal),  
para que Deus lle cure este mal,  
para que llo cure,  
e llo peche como llo ten que pechar.  
Isto non é pola miña sabedoría,  
é polo poder de Deus e da Virxe María<sup>5</sup>.**

A continuación, rezábase un nosopai.

En Riotorto, para sandar esta doenza, había que fender un carballo, normalmente cerquiño, e pasar o neno polo seu interior; no ritual interviñan dúas mulleres, chamadas María, situadas cada unha delas a cada lado da fendedura; logo ambas as dúas mulleres pasaban o meniño pola fendedura dun lado ao outro, mentres ían recitando o seguinte ensalmo:

4. CARBALLEIRA ANLLO, Xosé M<sup>º</sup>, ARES VÁZQUEZ, Carme, HERMIDA GULÍAS, Carme e outros. *Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Ed. Xerais, 4<sup>a</sup> ed., 1994, páx. 472.

5 VIVERO RAMIL, Carmen. De San Martiño (Cabreiros-Xermade), 74 anos.

Primeira María: **Toma María**

Segunda María: **E ti que me dás?**

Primeira María: **Eu douche a (nome da persoa)  
para que Deus  
lle sande este mal,  
e o cure,  
e o sande  
e o poña cerrado  
como el ha de cerrar<sup>6</sup>.**

Logo, ataban a fendedura do carballo para que volviera a unirse.



A auga do San Alberte (San Breixo)(Guitiriz) boa para os tatexos.

En Ferreira de Arriba (San Xián de Freixo-A Fonsagrada), empregábase o seguinte ritual para erradicar esta doenza: inicialmente facíase unha fendedura nun carballo novo; logo as persoas, que ían participar na cerimonia —sempre debían ser os padriños do doente, agás en casos de morte— persignábanse e pasaban o neno nove veces pola fendedura, dicindo, cada vez que se pasaba o cativo, a seguinte fórmula:

**Carballo,  
cura a este neno  
desta hernia.  
Co poder de Deus  
e da Santísima Virxen<sup>7</sup>.**

6 Informante de Riotorto.

7 FERNÁNDEZ DÍAZ, Inés. De Ferreira de Arriba (S. Xián de Freixo-A Fonsagrada), 75 anos.

---

Logo, rezábase un nosopai e persignábanse outra vez. Finalmente atábase o carballo, para que volvera a unirse e había a tradición de que a medida que o carballo fora ligándose, o cativo tamén iría curando.

En Landoi (Cazás-Xermade), para sandar unha hernia, levábase a cabo o seguinte ritual: fendíase un carballo novo polo medio, sen que lles chegase a fendedura ás puntas. Logo, os padriños, situados a ambos os dous lados da fendedura, pasaban o cativo dun lado ao outro nove veces denantes de que saíse o sol no día de san Xoán.

**San Juan bendito,  
nos dé a sanidad,  
nos quite a enfermidade,  
polo poder que Dios tén.  
Un padrenuestro. Amén** <sup>8</sup>.

Para sandar esta doenza, identificable nos seus rituais co mal do aire<sup>9</sup>, apreciamos a relevante influencia que exercían os carballos cerquiños<sup>10</sup>, previamente fendidos a metade para a súa curación. Na práctica ritual participaban dúas mulleres de nome María ou ben os padriños do enfermo, colocados a ambos dous lados da fendedura do carballo. Tanto os padriños como as Marías ían pasando o meniño dun lado ao outro do cerquiño —o normal nove veces— mentres recitaban un ensalmo. Ao remataren este rezaban un nosopai. Finalmente atábanse as partes separadas do carballo coa finalidade de que volveran a unirse. Isto propiciaba dalgún xeito a existencia dun costume, que relacionaba a *sandación* do cativo coas ligaduras do carballo.

Con respecto a esta enfermidade, Caro Baroja levou a cabo importantes pescudas no territorio español, afirmando ademais que era unha práctica ritual cunha forte proxección no resto de Europa<sup>11</sup>. Pola súa banda, Jean Louis Olive fai alusión a que as orixes deste ritual

as atopamos non só nos países europeos de base céltica, senón tamén no mundo xermánico, eslavo e, mesmo, en terras asiáticas e africanas<sup>12</sup>. Tamén hai pensadores que engaden ademais a vertente luso-brasileira e a hispanoamericana.

Neste ritual reflíctese unha simboloxía de tipo simpático, que vincula a saúde humana co estado de natureza. Non é estraño que Mircea Eliade faga referencia á transmisión máxico-simpática da doenza á árbore. Ademais, o paso do neno doente pola fendedura da árbore é unha escenificación, que pretende estimular a rexeneración do neno por medio dun novo nacemento<sup>13</sup>. Tamén Mariño Ferro sinala que a fendedura no carballo, por onde pasan os nenos doentes, representa a vulva materna para deste xeito acadar un renacemento simbólico e, polo tanto, unha volta ao estado de saúde perfecto<sup>14</sup>. Polo tanto, neste ritual, téndese a identificar a simpatía máxica entre o ser humano e o ser vexetal.

## DOENZAS DA PEL

### II . Ensalmos para sandar as verrugas

A verruga é un vulto ou prominencia da pel, que recibe os nomes de espulla e espunlla<sup>15</sup> ou tamén varruga e vurruga<sup>16</sup>.

En San Román da Retorta (Guntín) levábase a cabo o seguinte ritual para curar as verrugas: existe alí unha roca que ten un oco cheo de auga; segundo a tradición, nunca seca. O que tiña verrugas fretábaas coa auga deste oco, deixaba unha esmola no seu interior e pronunciaba as seguinte palabras:

---

12 PEDROSA, José Manuel. *Entre la magia y la religión: Oraciones, conjuros, ensalmos*. Guipúzcoa: Ed. Sendoa, 2000, páx. 156.

13 ELIADE, Mircea. *Tratado de Historia de las religiones*. México: trad. T. Segovia (reed. México, D.F. Era, 1991).

14 MARIÑO FERRO, X.R. *La medicina popular interpretada*. Vigo: Ed. Xerais, 1985, páx. 189.

15 CARBALLEIRA ANLLO, Xosé M<sup>º</sup>, ARES VÁZQUEZ, Carme, HERMIDA GULÍAS, Carme e outros. *Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Ed. Xerais, 4<sup>a</sup> ed., 1994, páx. 937.

16 LIS QUIBÉN, Víctor. *La medicina popular en Galicia*. Madrid: Ed. Akal, 1980, páx. 293.

---

8 MORADO PRIETO, Josefa. De Cazás (Xermade), 72 anos.

9 LIS QUIBÉN, Víctor. *La medicina popular en Galicia..* Madrid: Akal, 1980, páx. 262.

10 CARBALLEIRA ANLLO, Xosé M<sup>º</sup>, ARES VÁZQUEZ, Carme, HERMIDA GULÍAS, Carme e outros. *Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Ed. Xerais, 4<sup>a</sup> ed., 1994, páx. 201.

11 CARO BAROJA, Julio. *La estación de amor. Fiestas populares de mayo a San Juan*. Madrid: Taurus, 1979, páx. 243.

**Verruguiñas teño,  
verruguiñas deixo,  
e márchome para casa  
sen mirar para atrás**<sup>17</sup>.

Na comunidade de Esgrade de Cubilledo (Baleira), mentres tiraban areas de sal ao lume, recitaban o seguinte ensalmo para expulsar esta doenza:

**Verrugas traigo,  
verrugos teño.  
aquí as deixo,  
e voume correndo**<sup>18</sup>.

No concello de Mondoñedo, non había mellor cousa para erradicar as verrugas que cocer unha bola de pan, collela e levala, na compañía dun can, á beira dun río, onde a auga corra ben e dicir as seguintes palabras:

**Toma cán,  
verrugos e pan,  
que no corrente do río se tirarán.  
Polo poder que Dios tén  
e a Virxen María. Amén**<sup>19</sup>.

En Sudros (San Pedro do Río-A Fonsagrada), cando o forno estaba preparado para botar o pan, o doente collía unha presa de sal e tirábaa no forno mentres dicía:

**Verrugas traigo,  
verrugos vendo,  
bótoas no forno  
e marcho correndo**<sup>20</sup>.

Na parroquia de Vilameñe (Taboada), cando unha persoa está cocendo o pan, levábanse unhas areas de sal e mencionábase a seguinte fórmula:

17 GARCÍA NÚÑEZ, M<sup>a</sup> del Carmen. De S. Román da Retorta (Guntín).

18 FERNÁNDEZ, Emérita. De Esgrade de Cubilledo.

19 LENCE SANTAR, Eduardo. *Etnografía mindoniense*. Santiago de Compostela: Edición de Armando Requeixo. Follas Novas, 2000, páx. 134.

20 LÓPEZ LÓPEZ, Amadora. De Sudros, 83 anos.

**Verruguiñas teño,  
verruguiñas vendo,  
verruguiñas deixo  
a quen está cocendo**<sup>21</sup>.

Logo as areas de sal botábanse ao forno e as verrugas írían desaparecendo.

Na comunidade de Villarente (Abadín), para erradicar esta doenza, metíanse varias areas de sal nunha bolsa, íase con ela a un cruzamento de camiños e alí mencionábanse as seguintes palabras:



Fonte do San Vitorio (Damil-Begonte), onde os doentes lavan as verrugas

**Verrugas traigo,  
verrugos deixo,  
verrugos levo,  
para quen colla esto**<sup>22</sup>.

Logo deixábase alí a bolsa.

En Pígara (Guitiriz), cando se cocía na casa ou na dunha veciña, facíase un boliño de pan sen fermentar e citábanse as seguintes palabras:

21 FRÍAS LÓPEZ, Paulino. De Vilameñe (Taboada), 76 anos.

22 RODRÍGUEZ LEAL, Edmundo. De Villarente (Abadín), 69 anos.

---

**Verruguiñas traigo,  
verruquiñas vendo,  
deixote quedar (tírabase o bolo dentro do forno)  
e voume correndo**<sup>23</sup>.

En Cabreiros (Xermade), as verrugas curábanse cunha vara de salgueiro pelada, que era mester botar por riba da cabeza dicindo:

**Verrugas traigo,  
verrugas vendo,  
tiro con elas  
e voume correndo**<sup>24</sup>.

En Cabreiros (Xermade), para erradicar esta doenza, collíase un pau e atábaselle unha cinta ao pelo; logo, íase a unha matogueira elevada, dábanse unhas cantas voltas e tirábase o pau lonxe sen ver onde caía, dicindo ao mesmo tempo:

**Verrugas teño,  
verrugas vexo,  
tiro co pao  
e escapo correndo**<sup>25</sup>.

Se o ritual saía ben, as verrugas quedábanse no pau.

No Freixo (A Fonsagrada), para expulsar as verrugas, tirábase un puñado de sal no lume e dicíanse as seguintes palabras:

**Verrugas teño,  
verrugas vendo,  
tíroas ó lume  
e marcho correndo**<sup>26</sup>.

En Corbelle (Vilalba), para erradicar as verrugas, fretábanse cunha verza de procedencia descoñecida, pronunciando o seguinte esconxuro:

**Verrugas traigo,  
verrugas vendo,  
aquí as deixo,**

---

23 LÓPEZ FELPETO, M<sup>ª</sup> del Carmen. De Pígaro (Guitiriz).

24 SAITO RAMOS, Laura. De Cabreiros (Xermade), 86 anos.

25 GATO SEISIDE, Celestino. De Cabreiros (Xermade).

26 FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Otilia. Do Freixo (A Fonsagrada).

**e voume correndo**<sup>27</sup>.

Logo, había que deixar a verza nun lugar descoñecido e repetir o ensalmo cun nosopai durante nove días consecutivos.

En Grolos (Guntín), usábase o seguinte ensalmo para sandar as verrugas:

**Toma can,  
verrugas e pan,  
a ti se che quedan  
e a min se me van.  
Ti quedas comendo  
e eu marcho correndo.  
Co poder de Deus  
un padrenuestro  
e un avemaría**<sup>28</sup>.

En Guitiriz, para erradicar a doenza, collíase un anaco de touciño, pasábase polas verrugas e púñase colgando por riba dunha porta; logo pronunciábase o seguinte ensalmo:

**Verruguiñas traigo  
verruguiñas vendo,  
aquí as colgo  
e marcho correndo**<sup>29</sup>.

A medida que o touciño ía secando, as verrugas tamén ían secando ata desaparecer.

En Vilapedre (Vilalba), para quitar as verrugas, o *sandador* collía un bolo de pan acabado de enfornar. Logo, ía collendo anacos deste bolo e fretábaos sobre as verrugas, mentres dicía a seguinte fórmula:

**Toma can,  
verrugas e pan,  
a ti se che quedan  
a min se me van**<sup>30</sup>.

---

27 PRIMITIVA. De Corbelle (Vilalba), 81 anos.

28 LÓPEZ, Angelina. De Grolos (Guntín), 71 anos.

29 VERES, Rogelio. De Guitiriz, 77 anos.

30 BALSEIRO OROSA, Edelmira. De Vilapedre (Vilalba), 79 anos.



Devota do San Adrián (Goiriz) (Vilalba), lavando unha doenza da pel

Seguidamente, tiraba o anaquiño de pan e volvía facer a práctica con outro e así sucesivamente. Este ritual levábase a cabo nove veces durante o día.

En Gracián (Castroverde), fretábanse as verrugas cuns anacos de pan e, logo, dábanselles a comer a un can, recitando as seguintes palabras:

**Toma can,  
verrugas e pan,  
a ti se che quedan  
e a min se me van**<sup>31</sup>.

En Santa Mariña do Monte (Monforte), pasábase tres veces unha vara de salgueiro ben pelada por riba das verrugas. Ao mesmo tempo, dicíanse as seguintes palabras:

**Verruguiñas teño,  
verruguiñas vendo,  
tiro ca vara  
e voume correndo**<sup>32</sup>.

31 LOZANO DOCANDO, Carmen. De Gracián (Castroverde), 82 anos.

32 RODRÍGUEZ LÓPEZ, Dionisia. De Santa Mariña do Monte (Monforte de Lemos), 75 anos.

Mentres se dicía a última frase tirábase a vara cara atrás e saíase correndo sen mirar para ela.

En Castromaior (Abadín), pronunciábase o seguinte ensalmo:

**Fulano de tal,  
que ten as verrugas,  
Dios llas saque  
e a Virxen María tamén,  
polo poder que ambos ten**<sup>33</sup>.

Logo, rezábase un nosopai nove veces seguidas, durante nove días consecutivos.

Na Espiñeira (San Cosme de Barreiros) sandábase a doenza collendo tantos garavanzos coma verrugas se tiñan. Logo pasábanse por riba destas e tirábanse a un pozo ou a unha fonte, repetindo por cada garavanzo que se botaba, o seguinte ensalmo:

**Verruguiñas teño,  
verruguiñas vendo,  
aquí chas deixo  
e voume correndo**<sup>34</sup>.

As verrugas desaparecían en pouco tempo.

En Viladaíde (San Cosme de Barreiros), usábanse graos de millo en vez de garavanzos; estes pasábanse polas verrugas, mentres se recitaba por cada grao de millo o mesmo ensalmo que na Espiñeira; logo envolvíanse nun pano e deixábanse nun cruzamento de camiños a carón dun cruceiro<sup>35</sup>.

Na Espiñeira tamén se curaba a doenza indo á misa e no momento no que o crego levantaba a hostia dicíanse as seguintes palabras:

**Santo, santo, verrugas ó prado**<sup>36</sup>.

33 RODRÍGUEZ PRADO, María. De Castromaior (Abadín), 80 anos.

34 VEIGA, María. Da Espiñeira (San Cosme de Barreiros), 80 anos.

35 Descendentes de VÁZQUEZ, Divina. De Viladaíde (San Cosme de Barreiros).

36 ROZAS, Francisca. Da Espiñeira (San Cosme de Barreiros), 66 anos.

Estas desaparecían en poucos días.

En Ligonde (Monterroso), para afastar a doenza, dicíanse, durante nove noites seguidas, as seguintes palabras, comezando en noite de lúa chea:

**Na vela queimadas,  
no lume gravadas,  
na terra gardadas,  
no ceio enterradas,  
miñas verrugas curadas<sup>37</sup>.**

En Cereixedo (Cervantes), para acadar que as verrugas desaparecesen, collían a auga que atopaban nalgún burato dunha pedra e pasábana polo lugar da verruga ou verrugas, mentres dicían:

**Auga de pena,  
aire que te brea,  
sol que te enxuga,  
quígame esta verruga<sup>38</sup>.**

Este ritual tiñan que levalo a cabo tres veces, pois do contrario non desaparecían totalmente.

Na comunidade da Balsa (Muras), para sandar a doenza, facíanse nove boliños de pan —o máis iguais que se podía—; logo íanse fretando as verrugas cos boliños feitos, chamábase ao can e dábanselle os boliños dicindo:

**Toma can verrugas e pan<sup>39</sup>.**

Segundo os casos reflectidos neste traballo, para o tratamento desta doenza hai que recorrer a unha serie de elementos naturais e alimentos, que, logo de ser pasados pola doenza, son expulsados a unha serie de lugares ligados en maior ou menor medida co mal. Así podemos establecer o seguinte resumo:

ELEMENTOS NATURAIS. ALIMENTOS	LUGAR DE EXPULSIÓN
SAL (4 casos)	FORNO (LUME) ENCRUCILLADA
VARA DE SALGUEIRO (3 casos)	TERRA
ANACOS DE PAN (2 casos)	RÍO TERRA
GARAVANZOS	RÍO
GRAOS DE MILLO	ENCRUCILLADA
AUGA DUN OCO	LUGAR DESCOÑECIDO
TOUCIÑO	NUNHA PORTA
VERZA	LUGAR DESCOÑECIDO

A terra simboliza o mal en contraposición ao mundo celeste. Os ríos, pola importante función que exercen para arrastrar todo tipo de obxectos, constitúen un importante lugar para afastar a doenza. O forno é un espazo idóneo para que todo aquilo que estivo en contacto coa enfermidade sexa destruído polo lume. A encrucillada sempre foi un lugar maléfico, de aí que desde a antigüidade sempre houbera símbolos sagrados para protexer os camiñantes<sup>40</sup>.

37 VILA VILA, Aurea. De Ligonde (Monterroso), 82 anos.

38 DIGÓN ÁLVAREZ, M<sup>a</sup> Clarisa. De Cereixedo (Cervantes), 73 anos.

39 PARDIÑO TRASTOI, Virginia. Da Balsa (Muras), 86 anos.

40 Mariño Ferro, na súa obra *La medicina popular interpretada*, t. I, alude aos lugares onde se expulsaba simbolicamente a doenza.



Ritual de contacto e de veneración. (Sambreixo-Palas de Rei)

Por outra banda, o ritual de *sandación* da doenza lévase a cabo unha vez ao día; nove veces ao día durante nove días consecutivos; nove veces ao día; unha vez ao día durante nove días consecutivos e tres veces ao día.

Así mesmo, nos ensalmos usados para a curación desta enfermidade reflíctese a existencia dunha transferencia do mal que se manifesta ao longo dunha corta cadea sen alusión explícita a certos poderes ou ben facendo referencia a eles.

Sen alusión explícita a certos poderes.

**Verrugas traigo / verrugas teño / aquí as deixo / e voume correndo**

Con alusión explícita a certos poderes.

**Toma can /verrugas e pan, /que no corrente do río se tirarán /Polo poder que Dios ten /e a Virxen María. Amén**

Así mesmo hai pensadores, como Mariño Ferro, que aluden á simboloxía do dobre camiño na *sandación* desta doenza. Así, mentres que un camiño sería o símbolo da enfermidade, pola contra o outro sería o reflexo da saúde, previa expulsión do mal.

### III. O 'fogosalvo'

É unha inflamación cutánea producida por un virus que se estende pola pel. Maniféstase pola aparición dunhas pequenas ampolas, que forman unha carabela cando secan<sup>41</sup>.

El vulgo conoce con este nome a unos granos que aparecen en la cara, piernas, brazos o por el cuerpo en general, indoloros y que producen supuración. Levantan la piel, dejándola "escarapelada" y desprendiendo caspa<sup>42</sup>.

Esta doenza adoita confundirse con outras de índole cutánea como o 'fogardente', a 'fogaxe', o 'eccema', o 'salvaxe' etc.

As máis das veces adoita identificarse co herpes zóster, que é unha infección causada polo mesmo virus que o da varicela. Adoita manifestarse por unhas ampoliñas moi dolorosas, que forman unha especie de serpe ou *culebrilla*, acepción popular da doenza.

O doente debía estar en xaxún durante o proceso da curación ao igual que o curandeiro; tamén era

41 CARBALLEIRA ANLLO, Xosé M<sup>º</sup>, ARES VÁZQUEZ, Carme, HERMIDA GULÍAS, Carme e outros. *Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Ed. Xerais, 4<sup>ª</sup> ed., 1994, páx. 472.

42 LIS QUIBÉN, Víctor. *Ob. cit.*, páx. 196.



---

mester que estivese tombado boca abaixo, mentres o *sandador* dicía a seguinte fórmula:

**Indo por un camiño  
encontrei un home  
e pregunteille:  
que é bo para o fogosalvo?  
O home contestoume:  
terra do terral  
ou escupirle nove veces<sup>43</sup>.**

Ao rematar o ensalmo, cuspiáselle ao doente na zona afectada sen secala; logo, rezábase un nosopai e unha avemaría. Este ritual debía realizarse durante nove días consecutivos.

En Cabreiros (Xermade), para sandar esta doenza, facíase alusión ao seguinte ensalmo:

**Indo por un camiño,  
encontrei cun velliño,  
e pregunteille:  
Qué era bon pro fogosalvo?  
Díxome:  
Unto sen sal,  
terra do terral,  
e saliva.  
Estas son as tres cousas,  
que curan este mal.  
Polo poder que Deus ten  
e a Virxen María. Amén<sup>44</sup>.**

O ensalmo tiña que dicirse nove veces cada día durante nove días consecutivos. Ía acompañado dun nosopai e unha avemaría. Durante a bendición, usábase unto sen sal, terra do buraco dunha toupeira e a persoa que mencionaba a fórmula devandita debía cuspir sobre os graos do 'fogosalvo'.

En Suavila (San Martín de Noche-Vilalba), para expulsar este mal, as dúas persoas que participaban no ritual recitaban ao saír o sol e en xaxún as seguintes palabras:

**Nuestro Señor, S. Pedro y S. Pablo,  
montes y valles veían arder,**

---

43 LÓPEZ DIEZ, Mercedes. Informante de Lugo.

44 GATO PARDO, Celsa. De Cabreiros (Xermade), 70 anos.

**dijo S. Pedro a nuestro Señor:**

**que es aquello Señor?  
Es el fogosalvo.  
con qué se aplaca, Señor?  
Con la saliva del pecador,  
(hai que escupir)  
que no coma,  
ni beba,  
ni haga cosa,  
que mal parezca.  
Esto no es polo meu poder  
nin pola miña sabiduría,  
que é polo poder que Dios ten  
e a Virxen María<sup>45</sup>.**

Esta cerimonia levábase a cabo nove veces ao día e durante nove días consecutivos.

No Viveiró (Muras), dicíase a seguinte pregaría para curar a enfermidade:

**Iba por un camiño adiante  
e encontreime cun home  
e pregunteille:  
Que era bon para o fogosalvo?  
Díxome: saliva en ayunas,  
terra do terral,  
grasa de coche sin sal.  
Polo poder que Dios ten  
e a Virxen María. Amén<sup>46</sup>.**

---

45 PARDO CASTRO Alicia. De Suavila (San Martín de Noche-Vilalba).

46 DE LOMBERA HERMIDA, Arturo. "La explotación del ganado bravo en los montes de los municipios de Muras y Oural (Lugo)". *Pontenova. Revista de novos investigadores*, n.º 8. Formato de arquivo: pdf/Adobe Acrobat: <http://pdf.depontevedra.es/ga/103/fikrylWdmr.pdf>



Ritual de "Poñer o santo". Ferreira do Valadouro

En Cabreiros (Xermade), collíase terra do camiño da igrexa, carne de cocho, e unha candeia bendita dicindo as seguintes palabras:

**Indo por un camiño adiante,  
atopei un home  
e pregunteille  
que lle había de facer ao fogosalvo.  
Dixo que o circara cunha vela,  
e cirqueino;  
que o salivara,  
e saliveino;  
que lle dese grasa de cocho,  
e deilla;  
que lle botase terra do terral,  
e botella.  
Non é pola miña sabiduría,  
que é polo poder  
que Deus ten,  
e a Virxen María. Amén<sup>47</sup>.**

Nesta mesma parroquia, había outro ensalmo para sandar o 'fogosalvo':

**S. Pedro e Noso Señor,  
polo mundo andaban.  
Montes e vales viron arder.  
Qué é aquilo, señor?  
É fogo do pecador.  
Con que se apaga, Señor?  
Con saliva de pecador.  
Non é polo meu poder,**

47 RAMOS, Laura. De Cabreiros (Xermade), 86 anos.

**que é polo poder  
de Deus e da Virxen María. Amén<sup>48</sup>.**

En Montecubeiro (Castroverde), para sandar a doenza, mencionábase o seguinte ensalmo:

**Indo por montes e herbais  
víase arder,  
e S. Pedro díxolle ó Señor:  
Que é aquilo que se ve arder?  
É o fogosalvo.  
Con que se aplaca Señor?  
Coa saliva da boca do pecador  
para que non ande,  
nin arda,  
nin faga dano  
que a Deus mal pareza.  
Non é pola miña sabedoría  
senón polo poder que Deus ten  
e o da Virxe María<sup>49</sup>.**

Logo botábase saliva na zona enferma e rezábase nove veces un nosopai e unha avemaría.

Este ritual —ensalmo e oracións— usábase na parroquia de Corbelle (Vilalba)<sup>50</sup>.

Na parroquia de Mourence (Vilalba), para expulsar o 'fogosalvo', pronunciábanse as seguintes palabras:

**S. Pedro e Nosa Señora,  
montes e valles viron arder.  
Díxolle S. Pedro a Nosa Señora,  
que é aquilo señora?  
O fogo silvestre.  
Con qué se apaga?  
Con saliva dun pecador,  
que non haxa comido, nin bebido,  
nin feito cousa mala  
Non é polo que eu son,  
que é polo poder que Dios ten  
e a Virxen María. Amén<sup>51</sup>.**

48 RAMOS, Laura. Cabreiros (Xermade), 86 anos.

49 Informante de Montecubeiro (Castroverde).

50 PRIMITIVA. De Corbelle (Vilalba), 81 anos.

51 PORTO PAZ, Alicia. De Mourence (Vilalba), 75 anos.

---

Logo, a persoa que lía o ensalmo e o doente recitaban un nosopai e unha avemaría. Este ritual tiña que realizarse nove días seguidos á mesma hora.

No concello de Mondoñedo, para expulsar a doenza, poñíanlle ao doente un prato con terra na man esquerda, e na dereita unha navalla aberta, e, facendo coa navalla unha cruz na terra do prato, ao dicir: “Na terra te boto”, o curandeiro debía mencionar o seguinte ensalmo:

**Santa Apolacia  
tres fillas tiña:  
Unha urdía,  
outra roía,  
y-outra, pol-a auga íba.  
Eisí como estas palabriñas  
son verdade,  
non luzas,  
non comas,  
non probalezas,  
nin roezas,  
nin fagas cousas,  
que mal parezas.  
Córtote e na terra te boto,  
pol-o poder que Dios tén  
y-a Virxen María. Amén<sup>52</sup>.**

Na parroquia de Candamil (Xermade), empregábase o seguinte ensalmo para sandar a enfermidade:

**Pasando por Montes Cervades,  
se vía arder.  
¡Señor ¡ Qué es lo que se ve arder?  
El fogosalvo.  
Con qué se aplaca Señor?  
Con saliva de la boca del pecador.  
Para qué?  
Para que no arda, nin coma,  
nin faiga daño que mal parezca.  
Non é pola miña sabiduría,  
sino pola de Dios  
y la de la Virgen María<sup>53</sup>.**

---

52 LENCE SANTAR, Eduardo. *Etnografía mindoniense*, Santiago de Compostela: Edición de Armando Requeixo. Follas Novas, 2000, páx. 70.

53 MORADO ARES, María Josefa. De Candamil (Xermade), 70 anos.

Logo rezábanse nove avemarías e nove nosopais.

Na Balsa (Muras) dicíase a seguinte fórmula para curar a enfermidade:

**Indo por un camiño adiante,  
encontrei un home  
que non conocía  
e pregunteille:  
Qué menciña me daba  
para o fogosalvo?  
Dixome:**

**Terra dun terral,  
nunca dese pan,  
grasa sen sal,  
saliva sagrada en ayunas  
e unha vela bendita<sup>54</sup>.**

Este ensalmo había que recitalo dez veces ao día, ao saír o sol e durante dez días consecutivos; logo rezábase un nosopai e unha avemaría.

En Burgás (Xermade) aludíase ao seguinte ensalmo para sandar o ‘fogosalvo’:

**Indo por montes e herbais  
víase arder,  
e San Pedro díxolle ao Señor:  
Que é aquilo que se ve arder?  
É o fogosalvo.  
Con qué se aplaca, Señor?  
Coa saliva da boca do pecador,  
para que non ande, nin arda,  
nin faga dano que a Dios mal pareza.  
Non é pola miña sabiduría,  
senón polo poder que Dios tén  
e o da Virxen María. Amén<sup>55</sup>.**

Logo rezábase durante nove días. Ao rematar de dicir estes versos, botábase saliva na zona enferma e recitábanse nove nosopais e nove avemarías.

En Vilapedre (Vilalba), para sandar a doenza usábase o seguinte remedio. Ao inicio fíase na procura de terra virxe, graxa de leitón macho e cuspe en xaxúns. Cada

---

54 PARDIÑO TRASTOI, Virginia. Da Balsa (Muras), 86 anos.

55 PAZ FERNÁNDEZ, Josefa. De Burgás (Xermade), 78 anos.

vez que se collía un dos materiais citados había que facer o sinal da cruz. Logo, a persoa que levaba a cabo o ritual debía de cuspir, dun xeito feble, en toda a zona afectada. A continuación, a graxa de leitón untábase na terra virxe e púñase na zona afectada, momento no que se realizaba unha cruz por riba desta. A oración, que se recitaba mentres se levaba a cabo a práctica do ritual, era como segue:



Ritual de contacto. Castrillón (Queizán-O Corgo).

**Indo por un camiño adiante,  
encontrei un home  
que non coñecía.**

**Pregunteille:**

**Que menciña me daba  
para o fogosalvo?**

**Díxome:**

**Saliva sagrada en ayunas,  
grasa de porco macho  
e terra dun terral  
que nunca dese pan.  
Non é polo meu poder,  
é polo que Dios ten  
e o da Virxen María. Amén<sup>56</sup>.**

Esta cerimonia tiña que facerse durante nove días seguidos e cada día durante nove veces. Ao remataren a oración, pronunciábase un nosopai, unha salve e unha avemaría. Unha vez que concluía o ritual, mencionábase a seguinte oración para rematar a bendición do 'fogosalvo'.

**A Virxen María o/a reciba no ceo,  
Bendito y alabado sea el Santísimo Sacramento  
del altar (Facer o sinal da cruz)"**

En Piñeiro (Xermade), para sandar o 'fogosalvo', dicíanse nove veces ao día e durante nove días seguidos as seguintes palabras:

**San Pedro e o Noso Señor  
iban a correr por montes e valles  
Díxolle San Pedro ó Noso Señor**

**- Qué es aquello que va allí?**

**E contestou:**

**Es el perro del fogosalvo.**

**Vamos a matarlo.**

**- Con qué lo mataremos?**

**Con palabras do varón  
e saliva do pecador.**

**Mátote, fogosalvo;**

**que morras e non envivezas,  
non fagas cousa**

**que a Dios mal lle pareza,  
nin andes adiante,**

**nin subas arriba.**

**Non é pola miña sabiduría,**

**é polo poder de Dios**

**e o da Virxen María.**

**Un Padrenuestro**

**e unha Avemaría<sup>57</sup>.**

<sup>56</sup> BALSEIRO OROSA, Edelmira. De Vilapedre (Vilalba), 79 anos.

<sup>57</sup> MANUELA. De Piñeiro (Xermade), 70 anos.

---

En Muras, para curar o ‘fogosalvo’, facíase alusión ao seguinte ensalmo nove veces seguidas durante nove días consecutivos:

**Indo por un camiño,  
encontreime con un home,  
que non coñecía,  
pois nunca antes vira.  
Pregunteille:  
Qué era bó para o fogosalvo?  
E díxome:  
Terra do terral,  
grasa sen sal,  
e saliva bautismal.  
Polo poder que Deus ten  
e a Virxe María. Amén”<sup>58</sup>.**

Ao rematar o ensalmo rezábase un nosopai e unha avemaría.

En San Martiño (Cabreiros-Xermade), para sandar o ‘fogosalvo’, dicíase a seguinte fórmula:

**Iba San Pedro, San Pablo  
y Nuestro Señor,  
por montes y valles,  
que veían arder.  
Qué es aquello, Señor?  
Es el fogosalvo.  
Con qué se apaga el fogosalvo, Señor?  
Con la saliva de la boca del pecador.  
Que haga como la llaga de San Longino,  
que no come, ni cala, nin crece,  
ni haga cosa a Dios,  
que mal parezca.  
No es por mi sabiduría,  
que es por el poder de Dios  
y de la Virgen María”<sup>59</sup>.**

A continuación, rezábase un nosopai e unha avemaría tres veces cada día durante nove días consecutivos.

En Os Carballás (Candamil-Xermade), para sandar o ‘fogosalvo’, facíase mención nove veces ao día durante nove días consecutivos ao seguinte ensalmo:

---

58 PITA OROSA, Raquel. De Muras, 45 anos.

59 VIVERO RAMIL, Carmen. De San Martiño (Cabreiros-Xermade), 74 anos.

**San Pedro e o Noso Señor,  
ambos por un camiño van,  
díxolle San Pedro ó Noso Señor.  
Qué é aquilo que se ve arder, Señor?  
É o fogosalvo.  
Con qué se apaga, Señor?  
Coa saliva da boca do pecador.  
Para que non coma, nin doia,  
nin arda, nin pique,  
nin creza, nin fortaleza,  
como as feridas de San Leunjinio,  
que o terceiro día estiveron curadas.  
Isto non é pola miña sabedoría,  
é pola de Deus e a Virxe María”<sup>60</sup>.**

O ensalmo ía acompañado de nove nosopais e nove avemarías. Por outra banda, todo o ritual que acabamos de expoñer era mester levalo a cabo denantes do amencer e en xaxún.

A xeito de resumo, podemos expresar que esta doenza se curaba cunha serie de elementos, algúns deles mencionados nos devanditos ensalmos. Así podemos distinguir:

1. **Terra do terral.** Tiña que ser “virxe”, é dicir, pura, non contaminada ou chea de impurezas. Tamén se empregaba aquela que estaba no camiño da igrexa polo seu carácter sacro.
2. **Saliva bautismal.** Tratábase da saliva sagrada e, tamén, da saliva do pecador que podía redimirse mediante a acción sacramental.
3. **Graxa sen sal, unto sen sal.** Este elemento adoitaba mesturarse coa “terra virxe”e, logo, púñase na zona afectada, momento no que o *ensalmador* realizaba tamén unha cruz sobre ela.
4. **Unha candea.** Simbolizaba o triunfo da luz sobre as tebras e, polo tanto, a curación da enfermidade.

Por outra banda, nos ensalmos —algúns dos cales se aplicaban ao saír o sol e a mesma hora— adoitaban aparecer o Noso Señor, a Virxe, e os apóstolos san Pedro e san Pablo, rematando coas oracións do nosopai, da avemaría e, ás veces, da salve.

---

60 ÁNGEL. Dos Carballás (Candamil-Xermade), 75 anos.

Esta práctica ritual levábase a cabo tres veces ao día durante nove días consecutivos (un caso); nove veces ao día (cinco casos) e nove veces ao día durante nove días consecutivos (seis casos).

#### IV. A 'decipela' (erisipela)

É unha enfermidade infecciosa producida por estreptococos, caracterizada principalmente pola presenza de erupcións cutáneas e un estado febril<sup>61</sup>. Aínda que no ámbito vulgar adoitan incluírse neste nome moitas doenzas da pel, non obstante sobresaen aquelas que amosan unha sintomatoloxía de febre intensa e unha importante inchazón na cara e nos ganglios<sup>62</sup>. Cando hai moita inflamación a doenza adoita ocasionar escamas e úlceras.

En Ramelle (Friol) para sandar esta doenza, chamada 'decipela,' empregaban o seguinte ensalmo:

**Uzarón, uzarón,  
sangue, decipela e saltón,  
bendígate S. Pedro,  
bendígate S. Juan,  
bendígate cantos santos  
na cruz están.  
Que te vexas tan seca  
como a fol de oliva,  
en poder de Deus e da Virxe María.  
Un padrenuestro e un avemaría**<sup>63</sup>.

En Nodar (Friol), para curar as úlceras, que tiñan unha identificación moi clara coa erisipela —nesta comunidade 'decipela'— usábanse as seguintes palabras:

**Ulcera, ulcerón,  
decipela con saltón,  
vaite de aí,  
que o obispo sagrado**

61 CARBALLEIRA ANLLO, Xosé M<sup>e</sup>, ARES VÁZQUEZ, Carme, HERMIDA GULÍAS, Carme e outros. *Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Ed. Xerais, 4<sup>a</sup> ed., 1994, páx. 370.

62 BECOÑA IGLESIAS, Elisardo. *Ob. cit.*, páx. 61. LIS QUIBÉN, Víctor. *Ob. cit.*, páx. 113.

63 BARREIRO CARREGAL, Carmen. De Ramelle (Friol).

**pasou por aí.  
Coa axuda de Deus  
e da Virxen María,  
un padrenuestro  
e un avemaría**<sup>64</sup>.

Na comunidade de Montecubeiro (Castroverde), utilizábase a seguinte oración para expulsar a enfermidade:

**Disípela blanqueal,  
disípela negreal,  
non caves,  
nin faszolezas,  
nin fagas cousas  
que mal pareza.  
Fai como o mal de S. Quintín,  
que nin cavou,  
nin faszoleceu  
nin fixo cousa  
que mal pareceu.  
Non é polo meu poder  
nin pola miña sabedoría,  
que é polo poder  
que Deus ten  
e a Virxe María.**<sup>65</sup>

Este ensalmo dicíase dez veces e logo tamén se rezaba un nosopai a san Roque.

En Grolos (Guntín), empregábanse as seguintes palabras para afastar a doenza:

**Bendiga a Sta. María,  
bendiga a S. Pedro  
y a todos los que en la corte celestial  
de los cielos están,  
que non medre,  
nin creza,  
nin resulte dano  
que mal pareza.  
Co poder de Deus  
e da Virxe María,  
un padrenuestro  
e un avemaría**<sup>66</sup>.

64 CASTRELO GRANDÍO, Elvira. De Nodar (Friol).

65 Informante anónimo de Montecubeiro (Castroverde).

66 LÓPEZ, Angelina. De Grolos, 71 anos.

---

En Ligonde (Monterroso), para sandar a doenza, recitábase o seguinte ensalmo durante cinco días consecutivos:

**Eres úlcera, ulcerón,  
disípela, dicipelón,  
dale con mal albar,  
dale con salitre del mar,  
dale con agua de la fuente eternal,  
dale en los pies,  
dale en el rabo,  
dale en la cabeza,  
para que nunca máis lle medre nin crezca.  
Pola gracia de Dios y de la Virgen María,  
un padrenuestro y un avemaría<sup>67</sup>.**

En Lousada (Xermade), dicíanse as seguintes palabras:

**Pedro e Pablo foron a Roma,  
e encontraron a Jesucristo.  
Díxolles Jesucristo:  
Qué hai alá Pedro e Pablo?  
Eles contestaron.  
Hai moitas enfermidades de disípela  
e outros males.  
Pois volvede alá,  
e curade a disípela con aceite,  
oliva e la de ovella viva.  
Polo poder de Deus,  
e da Virxe María<sup>68</sup>.**

A continuación, rezábase un nosopai e unha avemaría. Ao mesmo tempo aplicábase la sobre as manchas, que había na pel.

No concello de Guitiriz para sandar a enfermidade había que enxaboarlle ao doente —cun anaco de xabón virxe— a fronte e o peito; logo recitábanse as seguintes palabras:

**Dicípela que viñeches  
un día de lúa chea,  
tés que morrer sin ir dar  
a outra persoa da terra.  
A Virxe María me axude**

---

67 VILA VILA, Aurita. De Ligonde (Monterroso).

68 PILAR. De Lousada (Xermade), 45 anos.

**e tamén o Nazareno  
e os dous me dean poder  
para sanar a este enfermo<sup>69</sup>.**

En Vilamaior (Novelúa-Monterroso), para expulsar esta doenza, botábase un pouco de aceite nunha cunca e facíanse círculos cunha pluma dun galo, mollada nese aceite, sobre o lugar onde estaba a doenza, recitando ao mesmo tempo as seguintes palabras:

**Decipela vai para o monte,  
decipela vai para a serra,  
coa axuda de Dios  
e da Virgen María,  
un padrenuestro  
e un avemaría<sup>70</sup>.**

En Carballo (Friol), para sandar a 'decipela', había que facerse en primeiro termo cun ramallo de uz, cinza e sal. Logo, nunca cunca mesturábanse a cinza e o sal, e cun ramallo de uz, untada na mestura, realizábase unha cruz na cara da persoa afectada, mentres se pronunciaba unha oración seguida dun nosopai e unha avemaría.

**Dicípela mal de muela,  
de humor saltador,  
vete a la orilla del mar,  
no dejes gallo cantor,  
que en tu casa te han de dar.  
Con la ayuda de Dios  
y de la Virgen María,  
un Padrenuestro y un Avemaría<sup>71</sup>.**

Este ritual levábase a cabo nove veces ao día durante nove días consecutivos.

En Aspai (Outeiro de Rei) para erradicar a enfermidade levábase a cabo o seguinte ritual: collíase unha cunca con auga e sal, mollábase un ramo de uzal nesa cunca e, logo, con ese ramo bendiciábase a ferida mentres se citaba o seguinte ensalmo:

**Lázaro na súa fonte está;**

---

69 VERES, Rogelio. De Guitiriz, 77 anos

70 ALBOR VÁZQUEZ, Herminia. De Vilamaior (Novelúa-Monterroso), 76 anos.

71 FERREIRO DEVESA, José. De Carballo (Friol), 68 anos.

**moitos gritos e llantos dá.  
Ven a Nosa Señora e preguntoulle:  
Ti que tés Lázaro?  
Eu que hei ter miña Señora,  
ucera e e uzarón, fogo  
e todos cantos males son.  
Bendíceo Lázaro.  
Eu non sei miña Señora.  
Eu che aprenderei.  
Dalle con uzalbar, sal do mar  
e auga da fonte termal.  
Dalle nos pés e dalle na cabeza  
para que nunca máis che apareza.  
Pola gracia de Dios e da Virxe María,  
un padrenuestro e un avemaría<sup>72</sup>.**

En Montecubeiro (Castroverde) para sandar a enfermidade realizábase a seguinte cerimonia: collíase unha cunca de auga e botábanse tres areas de sal, tres follas de ortigas e tres ramallos de silveiras atadas; logo, bendicíase o doente da cabeza aos pés e viceversa, dicindo as seguintes palabras:

**De que dependes úcera?  
De cinzas mil.  
Vente á fonte minal  
con tres areas de sal,  
tres de ortigal  
e tres de silval,  
para que non comas,  
nin ardas, nin medres.  
Polo poder que Deus ten  
e da Virxe María<sup>73</sup>.**

Finalmente rezábase un nosopai e unha avemaría.

Na parroquia de Carballo (Friol), para a bendición da úlcera úsase o seguinte material: un ramallo de uz, cinza e sal.

O proceso de utilización deste material na persoa afectada realizábase do seguinte xeito:

En primeiro lugar, nunca cunca mesturábanse a cinza e o sal. Logo, cun ramallo de uz, untado na mestura,

72 VÁZQUEZ, Josefa. De Aspai (Outeiro de Rei), 83 anos.

73 Informante anónimo de Montecubeiro (Castroverde).

facíase unha cruz na cara da persoa afectada, mentres se dicía a seguinte oración, seguida dun nosopai e unha avemaría.

**San Lázaro en Fonte Fría  
estaba con grandes berros e voces daba;  
e pasou por alí Nuestro Señor Jesucristo,  
e preguntoulle: qué haces aquí Lázaro,  
el respostou: que e de hacer,  
estoy cargado de úlcera e ucerón  
e outros males que eu non sei que males son.  
Pues toma Lázaro uzabar e cinza de tras de teu lar  
e coutarás a úlcera e ucerón e outros males  
que eu non sei que males son,  
para que seque como el carbón  
y para que al tercer día esté tan seco  
como el sal en el agua fría.  
Con la ayuda de Dios y de la Virgen María,  
Un padrenuestro y un Ave María<sup>74</sup>.**

Na parroquia de Ponte Mercé (Antas de Ulla), curaban as úlceras cun composto de sal, carbóns do lar e o seguinte ensalmo:

**Lázaro, que fas nesta peña?  
Estou aquí para a úlcera sanar.  
Lázaro, ven á casa.  
Busca tres areñas de sal,  
tres carbóns do lar  
e auga da fonte termal.  
Esta úlcera ha de pasar,  
primeiriño polos pés,  
e, logo, pola cabeza,  
para que esta mal non creza,  
e desapareza<sup>75</sup>.**

Este ritual tiña que realizarse tres veces ao día e durante tres días consecutivos.

No concello da Fonsagrada, para sandar a úlcera, botábanse nun prato de freixo nove cabezas de ortigas e nove areas de sal, e, logo, facíanse varias cruces e varios círculos sobre o corpo do neno, ao mesmo tempo que mencionaban a seguinte oración:

74 FERREIRO DEVESA, José. De Carballo (Friol), 68 anos.

75 PORTOMEÑE GARCÍA, Francisco. De Ponte Mercé (Antas de Ulla), máis de 70 anos.



---

**Sal de ortigas  
ortiga de ortigal,  
márchate, úlcera  
pro teu lugar,  
que nin crezas  
nin avivezas,  
nin fagas cousas  
que mal parezas.  
Polo poder de Dios  
e da Virxe María.  
Un padrenuestro y un avemaría<sup>76</sup>.**

En función dos ensalmos reflectidos podemos manifestar que para curar esta doenza usábanse inicialmente unha serie de substancias: auga, aceite, cinza do lar, carbóns da lareira, ortigas, sal, silvas, la de ovella viva... Logo realizábase unha mestura entre varios elementos:

1. Cinza e sal.
2. Auga, tres areas de sal, tres follas de ortigas e tres ramallos de silveiras.
3. Auga e sal.
4. Cinza, sal e auga.
5. Sal e carbóns do lar (cinza).
6. Nove cabezas de ortigas e nove areas de sal.

A continuación coa man, cun ramo de uz ou calquera obxecto levábanse a cabo cruces e círculos sobre a parte doente; sobre a zona comprendida entre os pés e a cabeza do enfermo e sobre a cara do doente.

Ensalmo de referencia: “Dálle nos pés /e dálle na cabeza / para que nunca máis che apareza”.

Posteriormente recitábase un ensalmo, no que aparecían citados algúns elementos físicos usados no comezo da curación da doenza, así como algúns entes sagrados, que nunha orde xerárquica quedarían reflectidos do seguinte xeito: Deus, Cristo, a Virxe, san Pedro, san Xoán, san Pablo e san Lázaro.

---

76 RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús. *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*, Lugo: Ed. Celta, 5ª ed. 1971, páx. 125.

Ao remataren o ensalmo rezábase un nosopai e unha avemaría.

Esta práctica ritual adoitaba utilizarse unha vez ao día; tres veces ao día durante tres días consecutivos; unha vez ao día durante cinco días consecutivos; nove veces ao día durante nove días consecutivos; unha vez ao día durante nove días consecutivos e nove veces ao día.

Por outra banda, dende o punto de vista simbólico cómpre aludir ao poder purificador e curativo que dende sempre tiveron unha serie de elementos naturais como o sal, o aceite, a auga e o lume, non só con respecto a ‘decipela’, senón tamén en canto a outras doenzas, algunhas delas xa analizadas noutros artigos<sup>77</sup>.

Agua privilegiada es la de los ríos que pasan al lado o cerca de ermitas y la de las fuentes en santuarios; las fuentes y riachuelos que son conocidos con nombres de santos, son también proveedores de agua ceremonial...<sup>78</sup>. El aceite, que se emplea en la unción, significa la misericordia de Dios, la curación de la enfermedad y la iluminación del corazón. No es extraño, por lo tanto, usar en los ritos curativos aceite de la lámpara del Santísimo por su marcada referencia a la luz que un aceite normal<sup>79</sup>.

Así mesmo, é relevante facer mención a unha serie de instrumentos simbólicos de defensa ante o mal, xeométricos e vexetais, como o círculo, a ortiga, o toxo, o cardo etc.

## DOENZAS RELACIONADAS COA BOCA

### V. Enfermidades da lingua

Na parroquia de Cereixedo (Cervantes), para afastar o mal, metíase a lingua na auga e rascábase cun peso

---

77 Mariño Ferro no seu libro *La medicina popular interpretada*, t. I expón con detalle as calidades que amosan estes elementos preventivos e sandadores da enfermidade (páxs. 145, 158, 192...)

78 LISÓN TOLOSANA, Carmelo. *Brujería, estructura social y simbolismo en Galicia*, Madrid: Akal, 1980, páx. 123.

79 MARIÑO FERRO, X.R. *Ob. cit.*, páx. 194.

de prata, mentres se dicía a seguinte fórmula:

**Aliporca, aliporqueira,  
vaite á pedra lavandeira,  
cuando no es gallo a cantar,  
no es hijo de madre a llorar**<sup>80</sup>.

En Sudros (San Pedro do Río), para sandar as lilas<sup>81</sup>, collíanse nove anacos de pan e pasábanse lixeiramente pola lingua dun can, mentres se pronunciaba o seguinte ensalmo:

**Toma can,  
lilas e pan,  
a ti se che pegan  
e a min se me van**<sup>82</sup>.

Tamén se podía dicir do seguinte xeito:

**Toma can,  
lilas e pan,  
as lilas a secar  
e o can a medrar**<sup>83</sup>.

O ensalmo recitábase nove veces, por cada unha das cales dábaselle ao can un anaco de pan.

No concello de Bóveda, para sandar a doenza, empregábase a seguinte fórmula:

**Lilas traigo,  
lilas vendo,  
deixoas no rego  
e voume correndo**<sup>84</sup>.

En San Pedro de Neiro (Fonsagrada), para tratar o proído da lingua, cando un can che tocaba a comida, realizábase o seguinte ritual:

Cun anaco de pan fretábase a lingua. Logo, tirábase ao can dicindo:

**Toma can,  
cachuchas e pan.  
A min se me van,  
e a ti se che quedan**<sup>85</sup>.

O ritual levábase a cabo unha soa vez, cando se comezaba a sentir o proído.

## VI. Enfermidades das moas

En Mosteiro (Palas de Rei), para quitar a dor de moas, o doente persignábase o primeiro día de lúa nova e, mirando cara a ela, recitaba a seguinte fórmula:

**Lúa nova  
bendito sea  
o anxo que te renova,  
para que non me doa,  
dente nin moa.  
Coa intención de Deus  
e da Virxen María,  
recemos un padrenuestro  
e unha avemaría**<sup>86</sup>.

En Sudros (San Pedro do Río-A Fonsagrada), para expulsar a dor de moas, tomábase un pouco de augardente e retíñase na boca certo tempo; logo pronunciábanse as seguintes palabras:

**Se a Virxen María  
me quita a dor,  
encoméndome a ela  
sen ningún rencor**<sup>87</sup>.

80 AMIGO ALBA, José. De Cereixedo (Cervantes), 97 anos.

81 CARBALLEIRA ANLLO, Xosé M<sup>a</sup>, ARES VÁZQUEZ, Carme, HERMIDA GULÍAS, Carme e outros. *Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Ed. Xerais, 4<sup>a</sup> ed., 1994, pág. 543. "É unha enfermidade propia dos nenos que se manifesta coa aparición de grans na lingua".

82 LÓPEZ LÓPEZ, Amadora. De Sudros (San Pedro do Río-A Fonsagrada), 83 anos.

83 LÓPEZ LÓPEZ, Amadora. De Sudros (San Pedro do Río-A Fonsagrada), 83 anos.

84 Informante de Bóveda.

85 GONZÁLEZ LÓPEZ, Nieves. Lagúas (San Pedro de Neiro) (Fonsagrada).

86 ARIAS GÓMEZ, Carmen. De Mosteiro (Palas de Rei).

87 LÓPEZ, Amadora. De Sudros (S. Pedro do Río-A Fonsagrada), 83 anos.

---

Na Póboa do San Xiao (Láncara) empregábase a seguinte pregaria para sacar a dor de moas e dentes:



Ritual de contacto. Carballido. (Pacios-Begonte).

**Estaba Santa Apolonia  
en la puerta de su casa,  
la Virgen pasó y le dijo:  
Qué haces Apolonia de mi alma?  
Aquí estoy señora mía,  
no duermo sino velo,  
que de un dolor de muelas  
dormir no puedo.  
La Virgen le dijo:  
Agárrate de este niño reluciente,  
que tengo en mi vientre  
y jamás te dolerán  
ni muelas ni dientes<sup>88</sup>.**

---

88 RIVERA ARIAS, Elena. Da Póboa de San Xiao (Láncara), 78 anos.

En Cabreiros (Xermade), para quitar a dor, recitábase o seguinte ensalmo:

**Sta. Apolonia  
qué haces aí sobre una pedra?  
Aquí me trae  
mi dolor de muelas.  
Si es un gusano se quitará;  
si es una gota se irá<sup>89</sup>.**

Na parroquia de Carlín (Friol), para sandar a dor de moas, mencionábanse as seguintes palabras:

**Estaba Santa Polonia  
en la puerta de su casa,  
la Virgen pasó y le dijo:  
Qué haces Polonia de mi alma?  
Aquí estoy señora mía,  
no duermo sino velo,  
que de un dolor de muelas  
dormir no puedo.  
Y la Virgen le dijo:  
Agárrate de este niño reluciente  
que tengo en mi vientre  
y jamás te dolerán  
ni muelas ni dientes<sup>90</sup>.**

No Freixo (A Fonsagrada), cando caía un dente, tirábase ao lume e pronunciábanse as seguintes palabras:

**Toma lumiño,  
un dente velliño.  
Traeme outro novo,  
ben dereitiño  
e ben feitiño<sup>91</sup>.**

---

89 RAMOS, Mercedes. De Cabreiros (Xermade).

90 CABADO LÓPEZ, Amadeo. De Carlín (Friol), 77 anos.

91 FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Otilia. Do Freixo (A Fonsagrada).

## VII. Os cochizos

Tratábase dunha doenza consistente na abundante baba que tiñan os cativos. O remedio para curala era levar os nenos a unha fonte, na que se lles daba auga, mentres se dicían as seguintes palabras:

**Nesta fonte as rás  
han esquencer  
o que che fai o maíño.  
Sanda cochizo do demo  
e tránguenos a este miniño**<sup>92</sup>.

No concello de Chantada, os cochizos era una infección bucal, que aparecía nos beizos e na lingua, consistente na aparición de graos e chagas. Esta doenza curábase seguindo os seguintes pasos:

1. Collíase un vaso de auga e unha moeda ou un anel de prata.
2. Collíase na man a moeda ou o anel e pasábase polo vaso de arriba a abaixo e de esquerda a dereita (en forma de cruz).
3. Dicíanse as seguintes palabras:
  - 3.1. Ao tocar a parte superior do vaso: **cos poderes de Dios**
  - 3.2. Ao tocar a parte inferior: **e da Virxen María**
  - 3.3. Ao tocar a parte esquerda: **un padrenuestro**
  - 3.4. Ao tocar a parte dereita: **e unha avemaría.**
4. Rezábase unha salve.
5. Logo volvíase coller a moeda ou o anel de prata e introducíase na auga dicindo: **“Cuchizos ó monte”**.
6. Finalmente tocábase a boca do enfermo e dicíase: **“Platafina á fonte”**.

Este ritual levábase a cabo nove veces seguidas cada día, durante nove días consecutivos.

---

92 MANUEL. De Santiago de Gaioso (Outeiro de Rei), 80 anos.

## VIII. Simbolismo dalgunhas prácticas rituais

Como remate ao traballo, é mester aludir ao carácter homeopático ou por analogía, que amosan certas prácticas rituais coas doenzas que desexamos sandar. Isto lévanos a establecer unha relación de identificación, que permite aludir a como unha calidade dun obxecto se transmite a outro co que garda unha conexión de analogía ou semellanza.

Polo tanto, o que se está realizando con estes rituais é imitar dun xeito deliberado aquilo que se pretende acadar. *Es frecuente que los ritos consistan en una imitación de los efectos que la gente desea producir*<sup>93</sup>.

Por outra banda, nalgunhas prácticas rituais podemos reflectir como hai unha transferencia do mal (doenza) ao longo dunha cadea sen alusión explícita a poderes ou ben facendo referencia a eles<sup>94</sup>.

Así mesmo, o signo da cruz, como símbolo protector, é un elemento moi representativo, e isto podémolo reflectir nas diferentes doenzas que acabamos de analizar, nas que intervén como un importante símbolo profiláctico e *sandador* destas. A actitude de trazar ese símbolo sobre certas partes do corpo do doente motiva a bendición dese órgano e a súa curación. A cruz bendice, protexe e expulsa o mal da persoa persignada. En consecuencia, este elemento emprégase como amuleto xa que as súas propiedades benéficas proxéctanse sobre as persoas coas que está en contacto<sup>95</sup>. Ata o intre actual e durante moitos séculos, os ritos de bendición, de purificación, de prevención e curación de doenzas de diferente índole foron inseparables no mundo cristián da manifestación da cruz.

Finalmente, apreciamos como *el curandero-a nunca actúa en su propio nombre, debido a que su poder es vicario, no intrínseco a su persona, dotes o*

---

93 FRAZER, J.G. *La rama dorada*. México: F.C.E., 1969, páx. 41.

94 VÁZQUEZ VARELA, José Manuel. *Introducción á Antropoloxía da veterinaria popular en Galicia*. Ourense: Deputación provincial, 2003, páx. 143.

95 VALVASSORI, Mita. “Ensalms y ritos contra las lombrices en Italia: del Decamerón (VII, 3), de Boccaccio a la tradición folclórica contemporánea. *Culturas Populares. Revista Electrónica* 2, nº 2, 2006, páx. 8.

---

*conocimientos; su capacidad y poder terapéutico se origina y proviene de la participación de las manifestaciones de lo sagrado*<sup>96</sup>. Esta dependencia do sagrado queda reflectida nas bendicións e oracións que acaban do seguinte modo.

**“Polo poder que Dios ten,  
e a Virxen María. Amén.”**

**“Polo poder de Deus,  
e da Virxen María.”**

### **IX. Simboloxía máxico-relixiosa dos números tres e nove**

As prácticas rituais encamiñadas a sandar destas doenzas humanas e doutras, aínda non analizadas, adoitan realizarse normalmente tres, nove ou un número impar de veces.

Os números tres e nove foron considerados dende sempre, como dízitos que posuían unha función máxico-relixiosa. Así, a cosmovisión cristiá baseábase nun sistema ternario (a Trindade).

O pensador galego Taboada Chivite manifestaba que o número tres é o que constitúe o eixe básico na maioría dos cultos: a tríade teolóxica celta, o ternario de Pitágoras, a dedicación á Hecate grega, a *terzine* dantiana, as bruxas de Macbeth de Shakespeare etc<sup>97</sup>.

A estrutura ternaria está reflectida ao longo da historia nun bo número de ritos relixiosos e máxico-curativos.

Son innumerables los ensalmos y las rimas mágico-supersticiosas documentadas en la tradición folclórica moderna que insisten en la formulística del número tres (tres libros de oro, tres trabajadores, tres nubes, tres llaves, tres lancetas, tres rosarios, tres ángeles, y muchas más fórmulas triples o trimembres...<sup>98</sup>.

---

96 FRAZER, J.G. *Ob. cit.* páx. 172. tradición folclórica contemporánea. *Culturas Populares. Revista Electrónica 2*, n.º 2, 2006, páx. 8.

97 TABOADA CHIVITE, Xesús. *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*. Vigo: Galaxia, 1972, páx. 126.

98 PEDROSA, José Manuel. *Ob. cit.*, páxs. 186-187.

Por outra banda, é indubidable que na idea humana, viva, do tres e do ternario, entra a experiencia multiseccular do biolóxico. Á existencia dos dous (pai e nai), segue case inevitablemente a do tres (fillo). Polo tanto, o tres ten poder resolutivo do conflito reflectido polo dualismo e, tamén, é a resultante harmónica da acción da unidade sobre o dozus... Simboliza a influencia do activo sobre o pasivo<sup>99</sup>.

Así mesmo, o tres amosa non só equilibrio, senón que tamén é unha proxección da orde —en canto incumbe ao significado dos tres mundos: celeste, terrestre e infernal—, do ser humano e a vida —posibilidades morais do ben, o neutro e o mal—<sup>100</sup>.

Con respecto á cultura galega é mester facer alusión a como este dízito influíu, ata hai poucos anos, na actitude ritualista dedicada a sandar un considerable número de doenzas.

Tres veces soen decirse os esconxuros; tres Marías curan o arangaño; tres veces pásase polo fumo ao doente e metiendo tres pedras no seio dunha doncela cesa o pedrazo<sup>101</sup>.

En canto ao número nove podemos dicir que está ligado a Xesús, xa que morre na novena hora. Polo tanto, liturxicamente a novena simboliza o tempo completo, o remate. Ademais este dízito ten unha relación simbólica coa xestación, co número tres (múltiplo de tres), e cos orificios do corpo, que, segundo a tradición popular, son unha vía de entrada a diferentes doenzas. Non resulta estraño, polo tanto, o emprego de diferentes prácticas rituais que teñen como denominador común o número nove.

... Nove ondas han de se recibir na Lanzada (Pontevedra), nove veces mergúllase ao doente nas augas do Miño, nove litros de auga úsanse para curar o bocio; nove ramos de ortiga e nove graus de sal bótanse ao lume con nove veces o seguinte esconxuro: *Sal do salgar/ ortiga do ortiga/ márchate úlcera/ pro teu lugar/*, para a úlcera

---

99 CIRLOT. *Diccionario de símbolos*. Madrid: Siruela, 1997, páx. 437.

100 VALVASSORI, Mita. *Ob. cit.* páx. 10.

101 TABOADA CHIVITE, Xesús. *Ob. cit.*, páx. 126.

de estómago<sup>102</sup>.

Ensalmos empregados no traballo<sup>103</sup>.

O emprego deste díxito é moi probable que tivera unha orixe persa, que iría pasando nun primeiro momento aos musulmáns. Logo, destes aos xudeus, que serían os encargados de espallalo por Europa denantes da Idade Media<sup>104</sup>.

Esta táboa, que expoño a continuación, reflicte unha interacción entre o número de casos, veces e días nos que se leva a cabo unha práctica ritual en función das diferentes experiencias, que reflectimos, con respecto das doenzas analizadas.

<b>N.º DE CASOS</b>	<b>N.º DE VECES AO DÍA</b>	<b>DÍAS CONSECUTIVOS</b>
5	1	9
4	9	1
3	3	1
9	9	1
1	3	9
8	9	9
2	3	3

*Nota aclaratoria sobre o terceiro artigo publicado sobre Rituais etnomédicos.*

En primeiro termo darlle as grazas ao Dr. Emilio Valadé del Río polos comentarios facilitados na elaboración

102 TABOADA CHIVITE, Xesús. *Ob. cit.*, páx. 126.

103 Nalgúns ensalmos que emprego neste artigo, como fago constar, cítanse nove días consecutivos; nove veces nun día e nove veces nun día durante nove días consecutivos.

104 GAVILANES, Emilio. "El número nueve en la medicina popular", en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, 1, I, 1995, páx. 253.

do presente artigo.

Tamén agradezo o labor realizado por algunhas persoas na achega dalgúns datos de campo sobre algúns lugares que figuran nestes traballos. Así, podemos citar a Uxía López González, Concepción Neira Abraira, Tamara Núñez Fernández, Ulises Ojea Rodríguez, Javier Ángel Parga Martín, Pablo Pereira Reigosa, Iria Veiga Abuín, Laura Portela Rubiños, Marcos Quiñoá García, José María Reija Varela, M<sup>a</sup> Elena Rivera Capón, Diego Rodríguez Castiñeira, José Rodríguez Piñeiro, Ángela Seijas Fernández e a Ana Valín López.